



Gran Vigo Comarcas Redondela Val Miñor A Louriña Baixo Miño Condado-Paradanta Concellos
Lo último

Rúa Padre Seixas

Padre Seixas, compromiso social y liturgia en gallego

Fue definido como "un santo en vida, bondadoso pero enérgico con quienes avasallan a los demás"

javier mosquera

24.06.12 | 05:38



The linked image cannot be displayed. The file may have been moved, renamed, or deleted. Verify that the link points to the correct file and location.

Xaime Seixas

Xaime Seixas Subirá, Padre Seixas, foi "un santo en vida", como o define o director da Fundación Penzol e estreito colaborador seu durante moitos anos, Francisco Domínguez. "Era un home bondadoso e comprometido con toda pobreza e marxinação, estaba sempre do lado da xente que sofre. E dentro da súa bondade, era enérxico e radical ao combater aos que asoballan aos demais. Era un home entregado e así tomou o seu traballo en Galicia", rememora.

Sacerdote de esquerdas e galeguista, " considérome profundamente galeguista e foino durante toda a vida" manifestaba no libro *Conversas do Pai Seixas con Silvestre G. Xusto*, onde sinala tamén que a súa única militancia política, "e iso antes de ser xesuíta, foi na Comuñón Carlista, Deus, Patria e Rei. Durante boa parte da súa xuventude foi militante da Xuventude carlista, que lle serviu como práctica do galego, pois había xente que o falaba marabillosamente como Xosé María Castroviejo, militante carlista de toda a vida".

Xa mestre, pendente da mili e actuando no mundo da acción social, orientouse cara á Compañía de Xesús por simpatía cun xesuíta asturiano e outro de Valladolid, que lle aconsellou que non se preocupara da mili nin de nada e que pedira a entrada na Compañía sen máis demora.

Ao terminar o terceiro ano de Teoloxía e en virtude dunha dispensa especial da Compañía ordenouse sacerdote en Comillas en 1948, aos 33 anos, e celebrou a súa primería misa na igrexa dos xesuítas de Santiago.

Entre 1950 e 1953 estivo en Bordeos, atendendo unha importante comunidade de exiliados entre eles, moitos vascos, asturianos e cataláns. Recorda Quico que "un deles vasco lle pediu confesión pero quixo facela en euskera, ao que Seixas accedeu pese a non entender o idioma, e deulle a absolución".

De Bordeos, que foi para el "unha experiencia marabillosa", á República Dominicana, "un cambio persoalmente moi brusco pero non cambiei totalmente de actividade, pois tamén alí traballei no mundo obreiro. Non fun como misionero clásico, fun como un misionero obreiro, un misionero moderno. Nada máis chegar alí fundei o movemento obreiro cristián en toda a fronteira con Haití.

En 1965 e debido ao seu delicado estado de saúde, ordenáronlle regresar a España e déronlle como opcións de destino A Coruña ou Vigo. Optou por Vigo para desenvolver o seu traballo obreiro e social, ao ser unha cidade nova, con moita puxanza industrial "e ademais íase fundar a residencia de Velázquez Moreno". Ata o seu traslado a Vigo permaneceu uns meses en Santiago sometido a tratamento para curar unha doenza hepática.

Foi entón cando o cardeal Quiroga Palacios lle encargou que oficiara a primeira misa en galego o 25 de xullo dese ano, Santo, con dúas únicas recomendacións, que celebrase a misa seguindo a liturxia renovada e que na homilía coidase o idioma, que falase un bo galego, pois se trataba da primeira experiencia e tiña grande interese en que saíra ben.

Na residencia de Velázquez Moreno coincidiu con Magadán, Villamil, Hervada, Lamas e Estévez, "un grupo de xente aberta e progresista". Era unha residencia que se dedicaba a traballar no apostolado directo cos fieis e a atender a Igrexa dos Apóstolos, en que sempre se traballou moi a favor da liturxia en galego e caracterizábase pola súa liña progresista.

Cada membro da comunidade atendía diversas cousas que el mesmo propuña e Seixas tiña grupos para clases de galego e la Comunidade de Vida Cristiá, que tería varias seccións como O Castro, que era un grupo cultural, Pondal, que organizaba clases de galego, ou Breogán, de predominio obreiro.

O funeral de Antón Beiras en 1968 foi a primeira misa en galego que se celebrou en Vigo seguíronlle semanalmente as das Trinitarias e Os Apóstolos, intervindo en todas elas o coro Ondas

do Mar de Vigo, en cuxa organización foi peza clave o farmacéutico Domingo Fernández del Riego. Outro home importante no apoio á liturxia en galego foi Xaime Isla.

Bautizaba moito en galego "e moitos pais querían poñer a seus fillos nomes en galego" polo que se animou a publicar na editorial SEPT o libro 400 nomes galegos, todo un best seller. Por iso Ferrín dixo que Seixas "é o pai dos Rois, Sixelas, Irias e Antías que hoxe existen".

Xa enfermo, ingresou nunha residencia dos xesuítas en Valladolid, onde faleceu en 1994. En 1985, a Xunta lconcedeulle a Medalla Castelao.

Xaime Seixas Subirá, o padre Seixas, naceu en Santiago en 1915 e faleceu en Valladolid en 1994.

Estudou Maxisterio en Santiago e Linguas Clásicas, Filosofía e Teoloxía cos xesuítas en Comillas, onde se ordenou como cura en 1948. O seu primeiro destino foi Bordeos e logo iría a Salamanca. En 1961 marchou de misionero á República Dominicana e de volta a Galicia en 1965, optou por instalarse en Vigo. O 25 de xullo dese ano oficiou na igrexa de San Domingos de Bonaval a primeira misa en galego desde a guerra. Tamén foi o primeiro en dar unha homilía en galego en Vigo, durante o funeral de Antón Beiras. Foi un promotor da tradución da liturxia en galego, creou as Comunidades de Vida Cristiá e foi autor de diversas publicacións, entre elas, 400 nomes galegos para homes e mulleres, libro pioneiro da onomástica galega.

Unha homenaxe lembrará o Padre Seixas no seu centenario

Compromiso, solidariedade e bondade son algunhas das cualidades que se lembran do Padre Seixas, o xesuíta de esquerdas e galeguista que será homenaxeado en Vigo o vindeiro día 26 con motivo do seu centenario.



A memoria que de Xaime Seixas Subirá, o Padre Seixas, fica , destaca a súa solidariedade cos máis desfavorecidos e o seu compromiso coa lingua que o levou a se converter en pioneiro da liturxia en galego. O vindeiro día 26 de xuño, ás 19:00 horas tributaráselle unha homenaxe en Vigo, a cidade na que pasou boa parte da súa vida, diante da estela de pedra na rúa que leva o seu nome, á beira do parque da Bouza.

Nacido en Santiago de Compostela en 1915, o Padre Seixas estudara Maxisterio, Linguas Clásicas, Filosofía e Teoloxía e escolleu a orde dos xesuítas para o sacerdocio. Cun claro compromiso coa esquerda, o Padre Seixas foi destinado a Burdeos nos anos cincuenta, onde toma contacto co exilio asentado naquel momento en Francia. Salamanca e a República Dominicana serían outros dos lugares onde desenvolvería o seu sacerdocio antes de regresar a Galiza en 1965, instalándose en Vigo. Sería nese mesmo ano no que o Padre Seixas oficiaría a primeira misa en galego desde o levantamento militar que tivo lugar en San Domingos de Bonaval o 25 de xullo, na orixe da misa ofrendada nesa xornada a Rosalía de Castro. No oficio do enterro do oftalmólogo Antón Beiras, Seixas converteríase tamén no primeiro en dar unha homilía en galego en Vigo.

Da súa vontade naceron varias publicacións en galego, entre elas, a tradución da liturxia, en especial a través da editorial SEPT, coorganizadora agora da súa homenaxe. De especial relevancia foi o libro da súa autoría *400 nomes para galegos e galegas* de 1977, un volume tamén pioneiro que

experimentou un singular éxito entre pais e nais que buscaban nomes para lle poñer aos seus fillos e fillas. O Padre Seixas morreu en 1994 en Valladolid .